

Xoves despois da festa da Stma. Trindade ciclo b
SOLEMNIDADE DO SANTÍSIMO CORPO E SANGUE DE CRISTO

PRIMEIRA Ex 24, 3-8:

Este é o sangue da alianza que estableceu o Señor convosco

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NO LIBRO DO ÉXODO

Moisés veu e expúxolle ao pobo as palabras do Señor e as súas decisións, e o pobo a unha respondeu:

- "Faremos todo o que dixo o Señor".

Moisés puxo por escrito todas as palabras do Señor.

Ao día seguinte Moisés ergueuse cedo, construíu un altar na aba da montaña e chantou doce estelas, polas doce tribos de Israel. Despois mandou a algúns mozos israelitas que ofrecesen holocaustos e sacrificios de comunión ao Señor. Moisés colleu a metade do sangue e botouna en recipientes, e a outra metade asperxeuna no altar. Despois colleu o libro da alianza e leullo en voz alta ao pobo. Este respondeu:

- "Faremos todo o que dixo o Señor, e obedeceremos".

Entón colleu Moisés o sangue e asperxeu ao pobo con el, dicindo:

- "Este é o sangue da alianza que o Señor fai convosco, conforme as palabras lidas".

SALMO RESPONSORIAL Sal 115, 12-13. 15 e 16bc. 17-18

R/ (13): Alzarei a copa da salvación, invocando o nome do Señor;

Ou: Aleluia

Con que lle pagarei ao Señor
todo o ben que me fai?
Alzarei a copa da salvación,
invocando o nome do Señor;

Moi custosa é aos ollos do Señor
a morte dos seus amigos.
¡Son servo teu e fillo da túa serva,
a quen ti rompiches as cadeas!

Ofrézoche sacrificios de louvanza,
invocando o nome do Señor.
Cumprirei os meus votos ao Señor,
á vista de todo o seu pobo,

SEGUNDA Heb 9, 11-15:

O sangue de Cristo limpará a nosa conciencia

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA CARTA AOS HEBREOS

Irmáns e irmás:

Ao presentarse Cristo coma Sumo Sacerdote dos auténticos bens, entrando a través dunha tenda-santuario maior e máis perfecta, non de feitío humano, isto é, non deste mundo, e ofrendando o seu propio sangue, non o sangue de carneiros ou de becerros, entrou dunha vez para sempre no santuario e, deste xeito, conseguiu unha redención definitiva. Se o sangue de carneiros e de touros e a cinsa dunha xuvenca asperxida polos impuros consagra estes, dándolles unha pureza corporal, moito máis o sangue de Cristo (que movido polo Espírito que animou toda a súa vida, se ofreceu a si mesmo a Deus, coma vítima sen mancha) limpará a nosa conciencia das obras de morte, para así servir o Deus vivo.

Por iso é mediador dunha nova alianza, xa que morreu para redimir dos pecados cometidos baixo a primeira alianza, a fin de que os que están chamados á herdanza eterna, poidan recibir o cumprimento desta promesa.

SECUENCIA, Ad libitum: Lauda, Sion, Salvatorem,
ou, máis breve: Ecce panis

Xoves despois da festa da Stma. Trindade ciclo b

SOLEMNIDADE DO SANTÍSIMO CORPO E SANGUE DE CRISTO

EVANXEO Mc 14, 12-16. 22-26:

Isto é o meu corpo. Este é o meu sangue

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MARCOS

No primeiro día da festa dos Ázimos, cando se sacrificaba o año pascual, preguntáronlle os discípulos a Xesús:

- Onde queres que vaíamos preparar a Cea Pascual?

El mandou a dous discípulos, dicíndolles:

- Ide á cidade, e havos saír ao paso un home, cunha sella de auga. Ide tras el e onde entre, dicíndolle ao dono da casa: "O Mestre pregunta: onde está o lugar no que podó comer a Pascua cos meus discípulos?" El havos mostrar no sobrado unha grande sala, xa disposta e arranxada. Vós preparade o que faga falta.

Marcharon os discípulos e, chegando á cidade, atoparon todo tal como llelo el dixerá. E prepararon a Pascua.

Mentres estaban a comer, Xesús colleu pan, deu grazas, partiuno e déullelo, dicindo:

- Tomade, isto é o meu corpo.

E collendo unha copa, dando grazas, pasóullela, e todos beberon dela. E díxolles:

- Isto é o meu sangue, da Alianza, vertido por todos. Asegúrovos que xa non volveirei beber do produto da viña ata o día que o beba, noviño, no Reino de Deus.

Despois de cantaren os Salmos, saíron para o Monte das Oliveiras.